

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Galega de Áridos (Arigal) para a impartición de ensinanzas do ciclo formativo de grao medio Escavacións e Sondaxes da familia de Industrias Extractivas en réxime FPdual intensiva

26 de xuño de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, don Alberto Novoa Rodríguez, presidente da Asociación Galega de Áridos (Arigal), que actúa en nome e representación da devandita asociación, elixido como tal na Asemblea Xeral Extraordinaria do 05 de decembro de 2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, especifica no seu artigo 55 que o carácter dual da formación profesional se desenvolverá mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros

de formación profesional e as empresas ou os organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación, e que se promoverá a corresponsabilidade coa formación profesional dos centros e das empresas ou dos organismos equiparados.

No seu artigo 65 establece que todas as ofertas formativas de formación profesional, efectuaranse, con carácter xeral, baixo o réxime xeral ou o réxime intensivo, e no artigo 67 indica que o réxime intensivo caracterízase por unha duración da formación na empresa ou organismo equiparado superior o 35% da duración total da formación, participación da empresa ou organismo equiparado en máis dun 30% dos resultados de aprendizaxe e a existencia dun contrato de formación coa empresa.

2. Que no Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no seu artigo 3.d) contempla entre os principios da formación profesional do sistema educativo de Galicia:

- Articular a colaboración público-privada identificando as necesidades de formación e capacitación, as actuais e de futuro, implicando as empresas ou institucións na formación, así como nas actuacións de difusión e de orientación profesional do Sistema de formación profesional.
- Dotar das mellores competencias docentes ao profesorado de formación profesional.
- Garantir a excelencia na formación profesional de Galicia.

Así mesmo, a súa disposición adicional primeira, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas ou organismos equiparados e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes, co establecemento de plans e mecanismos que impulsen a cooperación público-privada. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras:

- Facilitar a realización da formación na empresa por parte do alumnado, favorecendo a participación de pemes e micropemes.
- Favorecer a inserción laboral e o desenvolvemento profesional do alumnado.
- Impartir módulos profesionais nas instalacións das empresas ou organismos equiparados, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.

- Validar as accións de formación desenvolvidas nas empresas ou organismos equiparados, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
- Desenvolver conxuntamente proxectos, entre outros, de innovación e investigación, de emprendemento, de difusión das ensinanzas de formación profesional ou de orientación profesional.
- Garantir a formación e as condicións necesarias para o desenvolvemento das funcións da persoa titora dual da empresa ou do organismo equiparado.

3. Que o Real Decreto 1592/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o Título de Técnico en Escavacións e Sondaxes fixa os seus ensinos mínimos e establece que a competencia xeral deste título consiste en realizar escavacións para a extracción de recursos minerais ou para a construción de obras subterráneas e ao descuberto, así como perforar sondaxes de prospección mineira e de investigación geotécnica, montando e mantendo instalacións e maquinaria e aplicando a lexislación de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

4. Que a Asociación Galega de Áridos (Arigal) constituíuse en 1999 para defender os intereses xerais das empresas galegas adicadas á extracción, transformación industrial e comercialización de áridos. É unha organización empresarial galega integrada por máis de 76 empresas que desenvolven a súa actividade nas distintas áreas do sector dos áridos: industria, fabricación, tratamento e distribución. En total, as firmas asociadas operan en 73 centros de actividade e xeran arredor de 3.600 postos de traballo, entre empregos directos e indirectos. Arigal integra ao 93% das empresas do sector dos áridos en Galicia e por iso é unha voz recoñecida e autorizada para falar en representación do conxunto desta industria

Estas cifras, xunto co esforzo realizado para modernizarse e ser máis competitiva, converteron á industria dos áridos nun sector estratéxico para a economía de Galicia. A innovación nos procesos industriais, a formación dos profesionais do sector, a mellora da saúde e seguridade laboral e a responsabilidade co medio ambiente son algúns dos principais retos que afrontan os asociados de Arigal na actualidade.

5. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Galega de Áridos (Arigal) están dispostos a colaborar para a impartición de

ensinanzas de formación profesional dual intensiva da familia de Industrias Extractivas no CIFP de Cantería de Galicia de Poio co obxectivo de que as competencias do alumnado destas ensinanzas se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral deste sector e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto de presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Galega de Áridos (Arigal). Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Impartición de ensinanzas de formación profesional dual intensiva da familia de Industrias Extractivas, concretamente o ciclo formativo de grao medio Escavacións e Sondaxes, no CIFP de Cantería de Galicia de Poio.
- b. Impulso de actividades de innovación e investigación e desenvolvemento conxunto de proxectos I+D+i no ámbito da formación profesional nos centros públicos e no Centro de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de Ourense, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- c. Formación do profesorado nas novas tecnoloxías relacionadas con este sector.
- d. Promoción e difusión das ensinanzas desta familia profesional, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado e o profesorado de formación profesional e a sociedade en xeral

Segunda. Impartición do ciclo formativo de grao medio Escavacións e Sondaxes

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizará no CIFP de Cantería de Galicia a posta en funcionamento e organización, para o curso 2026-2027, do ciclo formativo de formación profesional de grao medio de Escavacións e Sondaxes en réxime dual intensiva.

Esta formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas pertencentes á Asociación Galega de Áridos (Arigal), garantindo a adquisición dos resultados

de aprendizaxe establecidos para as ensinanzas conducentes á obtención do Título de Técnico en Escavacións e Sondaxes. Arigal a través das súas empresas asociadas, formará ao alumnado durante a porcentaxe de tempo de permanencia nas empresas, nas competencias establecidas nas ensinanzas deste proxecto.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Galega de Áridos (Arigal) deseñaran o itinerario formativo desta formación.

Terceira. Compromisos da Asociación Galega de Áridos (Arigal)

A Asociación Galega de Áridos (Arigal) seleccionará de entre os seus asociados ás empresas máis idóneas para acoller nas súas instalacións ao alumnado para a impartición da formación profesional dual intensiva referida na cláusula anterior. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Así mesmo, tamén colaborará coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade das persoas candidatas en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado nas empresas ao longo do proxecto formativo. Estas actuacións serán realizadas por persoal da asociación xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a asociación se comprometa a acoller nas súas empresas asociadas.

Cuarta. Desenvolvemento de proxectos de innovación

Os centros de FP teñen a responsabilidade de fomentar a realización de proxectos nas súas aulas que potencien o desenvolvemento e a mellora dos procesos tecnolóxicos, metodolóxicos e formativos, e potencien a colaboración co mundo empresarial. Estes proxectos deberán evolucionar cara a sistemas de traballo que integren a innovación didáctica e tecnolóxica nos ensinos de Formación Profesional e poñan en contacto permanente a centros educativos co tecido empresarial da súa contorna, así como, como con organizacións e entidades co mesmo interese científico dentro dunha cultura colaborativa.

Neste sentido e dentro das iniciativas de innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional promoveranse actuacións conxuntas con Arigal tanto no desenvolvemento de proxectos de innovación nos centros educativos de formación profesional así como no Centro de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de

Ourense, como calquera outra iniciativa que potencie a transferencia de coñecemento, buscando a calidade e a excelencia na formación profesional.

Quinta. Formación do profesorado

Á proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás novas tecnoloxías nas novas tecnoloxías relacionadas con este sector de común interese, tanto para persoal específico de Arigal, dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Para tal fin, a Arigal colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e máis concretamente nas estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadias en empresas que anualmente promove a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Así como tamén, colaborará na formación e actualización do profesorado naquelas técnicas e tecnoloxías que considere de interese.

Sexta. Difusión e información destas ensinanzas

Ambas entidades colaborarán na difusión e información ao alumnado, profesorado e sociedade en xeral, destas ensinanzas e dos novos perfís profesionais asociados a este sector e das novas formacións especializadas que se deseñen para dar resposta ás necesidades do sector.

Arigal impulsará o réxime de formación profesional dual intensiva que se realiza alternando a formación no centro de formación profesional e nas empresas coa actividade produtiva, e retribuída no marco dun contrato de formación ou mediante a aplicación dun réxime de bolsas.

Sétima. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de determinar a programación e o seguimento das accións previstas neste convenio.

Esta comisión reunirase cando se considere oportuno por calquera das partes e estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.

- Dúas persoas representantes da Asociación Galega de Áridos (Arigal).
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

Oitava. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarse curso a curso ata a súa extinción definitiva.

Novena. Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

No caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:

- a. Transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- b. O acordo unánime das partes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d. Por declaración xudicial de nulidade.
- e. Por calquera outra causa prevista nas leis.

Décima. Obrigas económicas

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

Décimo primeira. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e a asociación que

por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo segunda. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O presidente da Asociación Galega de Áridos (Arigal)

Alberto Novoa Rodríguez